



Carabela

Volve aos mares

QUEN SOMOS?

Galeatro é a compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez e especializada no público familiar, a súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato. Algunhas das pezas que percorren gran parte do territorio galego son: “Comechíns, segundo prato”, “Entre Bechos Anda o Conto”, “Muiñada”, “Carabela”, “As Aventuras de Mariña” e “Wombo Combo”. Vén de estrear recentemente o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co Centro Dramático Galego: “Arte sen Guión”, unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro medieval en lingua galega. “Arte sen guión” é o primeiro espectáculo de improvisación teatral que conseguiu o fito de ser programado nos principais festivais de artes escénicas do estado, como son “Festival de Teatro Clásico de Almagro” e a “MIT de Ribadavia”, así como en moitos concellos do país.

No eido da formación, Galeatro está presente en escolas de teatro de Bergondo, Carballo, Sada, Malpica, Oleiros, Oroso e Ordes. Conta con máis de 300 alumnos e alumnas.

Galeatro naceu coa vontade de promover a creación escénica contemporánea en lingua galega, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Mostra disto son os seus espectáculos de sala “Muiñada” de Ana Carreira e “Carabela” e “Wombo Combo”, escritos por Paula Carballeira. No 2024 vén de ser galardoado co premio do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais coa peza “Berenguela na gaiola”.

SINOPSE

“Carabela conta a historia dunha cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico. Queda soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non deixan de queixarse por teren comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan.

Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha Nena de Plástico, á que lle relata historias de como é o mundo fóra da illa. Mais o corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a latexar con forza: quere coñecer o que hai máis alá dos peixes mutantes e dos paxaros choromicas e, sobre todo, quere axudar a Carabela a fuxir antes de que morra de fame.

É un espectáculo de monicreques baseado no texto Carabela de Paula Carballeira, que combina tenrura, humor e reflexión arredor do coidado do planeta.



EQUIPO

Paula Carballeira

Dramaturga

Escritora, actriz, contacontos e dramaturga galega. Esta artista multidisciplinar é una das figuras máis importantes da literatura infantil e xuvenil en lingua galega. Ven de recibir no ano 2018 o X premio Manuel María de literatura Dramática Infantil pola súa obra “Somos os Monstros”. É unha garantía de coñecemento do medio e de calidade.

Alba Bermúdez

Actriz

Licénciase en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Acada o Posgrao en Arte, Cultura e Intervención Social a través de Factoriarte e obtén o Mestrado de Artes Escénicas pola URJC de Madrid. Alba é, xunto con Tone Martínez, fundadora da compañía Galeatro. Alén da experiencia adquirida con dita compañía, cómpre destacar os traballos realizados para outras de carácter profesional como son Triatreros ou Contraproducións, compañía referente para o teatro galego e coa que protagoniza a aclamada peza Fillos do Sol, de Cándido Pazó.

Tone Martínez

Actor

É actor licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público infantil. Ademais das propias montaxes, destacan os traballos realizados en compañías como Triatreros ou o Centro Dramático Galego onde formou parte do elenco do espectáculo Divinas Palabras Revolution, dirixido por Xesús Ron e A Peste, por Cándido Pazó, así como en NEVER MORE de Chévere. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como Serramoura e Pazo de Familia.

Nicolás Zambrano

Escenógrafo

Combina o seu labor escenográfico e musical en Xarope Tulú coa súa actividade como técnico de luz e son para outras profesionais coma o Mago Teto, a compañía de danza Pálido Domingo, Cinema Sticado, o mago Kenneth ou a violonchelista Margarida Mariño.

Ademais do seu labor como escenógrafo en Xarope Tulú, destacan os traballos realizados para a exposición Cabria do artista Diego Vites e a súa colaboración nos murais de Yoseba Muruzábal.

No ano 2024 funda a súa marca de xoiería Bardo e encárgase da construción de monicreques para a compañía Redrum para dous dos seus espectáculos Os contos do Lobicán e Nas Nubes.

DURACIÓN

50 minutos

IDADE RECOMENDADA

Público familiar a partir de 3 anos.

CONTACTO

URDIME

+34 619 920 335

+34 698 132 935

ola@urdime.gal



ENLACES

web: www.galeatro.es

Instagram: [@galeatro_cia](https://www.instagram.com/galeatro_cia)